

SOLIDARIEDADE CO PROFESORADO DO IES A SANGRIÑA PAREMOS OS EXPEDIENTES

A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA APLICA O ESPÍRITO DA CIRCULAR CONTRA A LIBERDADE DE EXPRESIÓN

A CIG-Ensino denuncia publicamente a actitude da Consellería de Educación que actúa de forma represiva contra o profesorado tentando atemorizar e amedrentar con medidas exemplarizantes, tal e como está a acontecer neste momento no IES A Sangriña da Guarda, onde a Administración incoa expediente disciplinario contra a Directora e a Xefa de Estudos. Para a CIG-Ensino esta medida é claramente desproporcionada e coercitiva, pois busca un castigo exemplar para o conxunto do profesorado galego, cuestión que queda patente se temos en conta que os feitos que se lle imputan non son merecedores desta medida disciplinaria e, cando se teñen producido noutros centros, non deron lugar a elas.

Os feitos remóntanse ao 18 de febreiro, data en que tivo lugar unha mobilización con motivo da inauguración da Estación de Autobuses da Guarda por Manuel Fraga. Esta mobilización, convocábase, como tantas outras no país, para esixir responsabilidades e unha solución inmeditada ao desastre do Prestige. Na mobilización participaba a sociedade guardesa: mariñeiros, veciños e veciñas, representantes de diferentes colectivos sociais e membros das ANPAs, algún deles pai ou nai de alumnos da Sangriña, e os propios alumnos e alumnas, que foran convocados polo alumnado que os representa no Consello Escolar. Era unha convocatoria do alumnado para o alumnado, en concreto para os alumnos e alumnas de Bacharelato e Ciclos Formativos, na súa meirande parte maiores de idade, en ningún caso estaba dirixida a alumnado da ESO. Mais, apesar de non ter responsabilidades de ningún tipo nos feitos relatados, o profesorado do IES A Sangriña tivo que ler nos medios de comunicación as declaracións de Manuel Fraga que os acusaba de violar a “conciencia dos alumnos”, como ao resto do profesorado galego, e de suspender as clases para que os alumnos puidesen mobilizarse, o que era claramente falso, ao contrario, o profesorado do centro impartiu as súas aulas con normalidade, facendo constar nos partes de aula os alumnos e alumnas que faltaban.

Ao día seguinte, personouse no centro a Inspectoría para recabar datos de como se producira a mobilización e a principios de marzo abriuse unha información reservada que remata o 12 de maio na apertura de expediente disciplinario. Evidentemente esta actuación da Consellería de Educación está ordenada polo propio Presidente da Xunta, que pretende así dar un castigo exemplar aos que ante el pretendan expresarse libremente. E, por tanto, un castigo, un castigo a todo o profesorado e por extensión, á sociedade galega pola súa resposta ante a problemática que aínda hoxe estamos a vivir no país pola nefasta actuación dos gobernos.

A Administración volve mostrar o seu talante represor, coincidente co espírito da circular sobre a utilización dos taboleiros de anuncios. Vemos, ademais, que neste caso a inspección actuou con moitísima celeridade, unha celeridade que non se dá para a solución de problemas que afectan á marcha do centro, como pode ser a dotación de persoal ou equipamentos. Evidentemente, estábanse a cumprir ordes do propio presidente da Xunta.

A inspección aproveitou para incluír no expediente informativo que no centro se suspenderan as clases para a realización de exames, nunha intencionalidade clara de acumular causas contra estas profesoras, xa tivesen ou non que ver cos feitos que levaron á Administración a abrir o expediente informativo. De todos xeitos non é certo que se suspenderan as clases por ese motivo, nun centro das características do IES da Sangriña (con horario diurno e nocturno, ESO, Bacharelato, Ciclos, Adultos), faise necesario suspender as aulas para poder realizar as avaliacións debidamente, contando coa presenza de todos os profesores e profesoras e sen imposicións horarias que obriguen a tomar decisións apresuradas. En calquera caso, non é unha decisión persoal, senón unha proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica, aprobada polo Claustro e ratificada polo Consello Escolar.



A tramitación deste expediente disciplinario pode supor para as persoas afectadas a imposición duna falta grave que se podería concretar na suspensión de emprego e soldo por un período mínimo de seis meses, o desterro e/ou a perda do destino definitivo.

Xa denunciámos no seu día a pretensión da Administración de atemorizar os directores e o profesorado, ao que obedecía e obedece a actuación que se está a desenvolver contra parte do equipo directivo da Sangriña. Entendemos que esta actuación afecta ao CONXUNTO DO PROFESORADO GALEGO pois busca impor unha sanción a dúas persoas que en todo momento estiveron desenvolvendo o seu traballo debidamente, e que actuaron tal e como se actuou en moitos outros centros. Son, en definitiva, as cabezas de “turco” dun castigo exemplar, as destinatarias dun escarmento encamiñado a impedir a liberdade nos centros, a do profesora e a do alumnado.

A CIG xa realizou diversas xestións solicitando a paralización do expediente, algunha delas a través da Permanente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, contando coa unanimidade das organizacións sindicais que a integran, e continuará, levando o tema incluso ao Parlamento. Pero unha das medidas máis urxentes e necesarias é unha resposta contundente do conxunto do profesorado galego, polo que vos trasladamos a seguinte proposta: elaborar un escrito, seguindo o modelo que vos propoñemos a continuación, para ser asinado polo profesorado do centro ou para obter o pronunciamiento do Claustro ou do Consello Escolar (mellor se é dos dous órganos). Enviar o escrito asinado (de xeito individual ou colectivo) ao Conselleiro de Educación e á Inspectora que terá que instruír o expediente disciplinario (Pilar Miravalles) remitindo copia ao centro (fax do IES da Sangriña 986611417). Os envíos poden ser a través do fax ou mediante telegrama.

Envío de FAX

Sr. Conselleiro de Educación, fax nº 981544499

Inspectora Pilar Miravalles, fax nº 981184792

O profesorado do / O claustro de profesores e profesoras do / O Consello Escolar do

.....
ante a apertura de expediente disciplinario á Directora e á Xefa de Estudos do IES A Sangriña, manifesta o seu apoio ao profesorado deste centro, e en particular ás profesoras imputadas, ao entender que en todo momento exerceron debidamente as súas funcións e que non incorreron en ningún tipo de falta.

Por este motivo, solicitamos a paralización e o sobreseemento do expediente disciplinario.

Envío de TELEGRAMAS

**SOLIDARIEDADE CO PROFESORADO DO IES A SANGRIÑA
NON AOS EXPEDIENTES**

Conselleiro de Educación

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n - 15704
Santiago de Compostela

Inspectora Pilar Miravalles

Servizo de Inspección Educativa
Edif. Servizos Múltiples, 7º Andar
Salvador de Madariaga, s/n - 15008 A Coruña
Tel.: 981 184 701 - Fax: 981 184 785

Adesións por e-mail

Finalmente, podeades expresar a vosa solidariedade co profesorado da Sangriña e reclamar a paralización do expediente enviando a mesma mensaxe remitida ao Conselleiro

O profesorado do / O claustro de profesores e profesoras do / O Consello Escolar do

.....
ante a apertura de expediente disciplinario á Directora e á Xefa de Estudos do IES A Sangriña, manifesta o seu apoio ao profesorado deste centro, e en particular ás profesoras imputadas, ao entender que en todo momento exerceron debidamente as súas funcións e que non incorreron en ningún tipo de falta.

Por este motivo, solicitamos a paralización e o sobreseemento do expediente disciplinario.

e asinada co voso nome, DI e profesión á seguinte conta de correo electrónico: cigebmh@arrakis.es. Estas asinaturas serán entregadas ante a Administración e/ou publicadas nun medio de comunicación: